

# **Instrución III/2005 do Xerente da Universidade de Santiago de Compostela pola que se regula a dotación de vestiario profesional ao persoal laboral**

O artigo 69 do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente aos traballadores as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade e, unha vez informados os Comités de Empresa de Santiago e de Lugo do Persoal Laboral, o xerente, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 11 de xullo de 2003, dispón:

1. A solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2005 cubrirase e presentarse persoalmente, no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6) e na Vicexerencia de Lugo (servizos centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).
2. O prazo de solicitude será dende o 20 de maio ao 20 de xuño do presente ano en horario de 9 a 12.
3. Ao traballador se lle entregará un resgardo selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia de Lugo no momento en que presente a solicitude.
4. Os traballadores destinados en Santiago, deberán acudir co resgardo á Empresa Concesionaria: VESLA, S.L., Avda. Rodríguez de Viguri, 6-8 baixo, Santiago de Compostela, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado. Os destinados en Lugo serán avisados pola Vicexerencia do día en que a Empresa se desprazará a esa cidade.
5. Única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas, o traballador entregarálle o resgardo asinado á empresa concesionaria. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do traballador solicitante.
6. A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos traballadores e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto no xa mencionado artigo 69 do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2005  
O Xerente en Funcións,  
Xosé Manuel Villanueva Prieto